

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos e do día vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1194).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1195).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓN FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+E. EXPTE. 2288/500.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En data 25 de outubro de 2016 publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do servizo de de actualizacion e mantemento catastral, integracion coa plataforma municipal VCI+E.

O día 22 de novembro de 2016, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, Grupo Consultoria, formula diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contes-tacións ás mesmas efectuadas polo técnico de Sistemas de Administración Electrónica. - Javier Albertos Benayas

II.- Aclaracións

Pregunta 1: "Que no aparece ningunha documentación sobre la Plataforma VCI+ donde indique el procedimiento para la integración, ¿podrían indicarnos cual sería?"

Resposta O subsistema GIS da plataforma VCI+ está formado por unha base de datos espacial Postgis e servidores de mapas Geoserver para o seu renderizado. A plataforma VCI+ non é unha plataforma comercial se non de desenvolvemento propio.

A integración sobre os datos actuais da VCI+ farase directamente sobre a base de datos Postgis dispoñible e si é necesario, para dar regras de renderizado WMS ou novos servizos OGC, sobre o Geoserver (versión 2.9) dispoñible. Se fose necesario a plataforma VCI+ tamén pode consumir servizos web externos (servizos OGC, web services, servizos REST...)

Facilitarase un usuario á base de datos espacial Postgis sobre PostgreSQL (actualmente versión 8.x que será migrada nos próximos meses á 9.x) para que se faga a integración de datos.

Como se indica nos pregos: "Integracións de datos coa plataforma municipal VCI+ a través dos subsistemas Postgis e Geoserver e procedementos dos servizos de conversión de FXCC a arquivos shape para a súa incorporación a Postgis e de incorporación das licenzas de telecomunicacións, electricidade e gas ao Postgis da VCI+"

Tanto a incorporación de licenzas de telecomunicacións, electricidade e gas así como os procedementos de incorporación do FXCC á VCI+ farase como se indica a través do subsistema Postgis e Geoserver.

Xa que actualmente ambos procedementos (licenzas e FXCC) son procedementos novos non integrados na VCI+ queda a cargo do licitante indicar como realizaría o proceso, é especificar a migración de datos a Postgis (creando e poboando táboas novas e específicas para estes procesos que non afectan ao resto das táboas existentes) da forma máis útil e eficiente.

Pregunta 2: "Y que tampoco pone el modelo de datos (tablas) utilizado en la BD Gis del Concello, ¿podrían indicarnos cual sería?"

Resposta: A base de datos GIS (Postgis) da VCI+ conta con os seguintes grupos principais de táboas espaciais (todas elas con xeometría) en ED50 (próximamente migración a ETRS89):

As táboas que poden ser útiles para o traballo catastral son:

- Táboas dos shapefile oficiais de catastro (masa, parcelas, subparcelas, construcións, liñas, eixos, ..) directamente cargados sobre Postgis. (conservando a estrutura oficial de Catastro)
 - *Rueiro oficial:*
 - táboa de rúas con código de vía, nomenclatura e xeometría (xeometría multilínea) do vial completa.
 - táboa de números de policía (xeometría punto) co número, portal e código de vía
 - Táboas de liñas e textos coa representación básica da cartografía municipal (soamente liñas e textos importados de Microstation)
 - Xerais: parroquias, barrios, distritos e follas cartográficas (con xeometría e nome do elemento)
 - *Inventario municipal:*
 - táboa de bens inmobles con número de inventario, xeometría e tipo de propiedade (Pendente de aprobación)
 - táboa de viais con número de inventario, xeometría e tipo de propiedade (Pendente de aprobación)
 - Redes (eléctrica, abastecemento, saneamento, telecomunicacións,...) (Datos do 2010 importados de arquivos Autocad gráficos polo que non teñen apenas información alfanumérica e soamente o elemento gráfico importado).
 - Capas de urbanismo (as táboas GIS dispoñibles de urbanismo pertencen ao PXOM 2008 actualmente anulado polo que non son válidas para o traballo) (Pendente de obter xeometrías do PXOU93 actualmente vixente)
- A maiores hai as seguintes grupos de táboas sobre servizos municipais:
- Mapa de ruídos
 - Xardíns e Parques infantís
 - Iluminación pública (puntos de luz, circuítos e centros de mando)
 - Mobilidade (sinalización horizontal e vertical, estado do tráfico, transporte, prazas, zona azul, aparcamentos, cámaras, ...)
 - Puntos de interese (turismo, áreas turísticas, instalacións,...)
 - Limpeza (contedores, illas reciclaxe,...)
 - Medio Ambiente (lagares, ríos, hidroloxía, praias,...)
 - Patrimonio histórico (áreas de protección, elementos etnográficos e arqueolóxicos)
- Todas estas táboas están dispoñibles como capas tamén desde o geoserver municipal e servidas por WMS así como visualizables desde o PCC (Panel Control Cidade).
Tamén están dispoñibles por WMS as seguintes capas raster servidas por Geoserver:
- Ortofotos de Vigo de los anos 2014, 2011, 2010, 2008, 2005, 2004, 2003
 - Mapas do relevo, pendentes, vertentes e orientación.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polo licitador Grupo Consultoria, e contidas neste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1196).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, de data 24/11/16, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En data 26 de outubro de 2016 publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais.

O día 9 de novembro de 2016, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, CLECE, SA, formula diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas .

II.- Aclaracións

En relación o prego administrativo no anexo I, punto 8 , apartado: A) 1. Plan de organización e prestación de servizos, fai mención o arquivo que conterá o Plan de organización:

“O arquivo que conteña o Plan de organización e prestación de servizos debera reunir os seguintes requisitos:

- Debera ser un único arquivo dixital para cada un dos apartados que compoñen o plan, de ata 10 MB de tamaño, cun máximo de 60 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carautas, gráficos, e demais follas incorporadas).*

** A denominación do arquivo debera estar conformada polo “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente o Plan de organización e prestación de servizos (PSA1, PSA2, PSA3 e PSA4).”*

Deste parágrafo xórdenos a seguinte dúbida: ¿o plan de organización e prestación de servizos constará unicamente de 60 follas; ou polo contrario, son 60 follas por apartado, é dicir, 60 follas para o apartado a), b), c), d), en total 240 follas?

Esto é o que indica as FEC:

O arquivo que conteña o Plan de organización e prestación de servizos deberá reunir os seguintes requisitos:

- > Deberá ser un único arquivo dixital para cada un dos apartados que compoñen o plan, de ata 10 MB de tamaño, cun máximo de 60 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas).*

➤ A denominación do arquivo deberá estar conformada polo “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ó Plan de organización e prestación de servizos (PSA1, PSA2, PSA3 e PSA4).

De este apartado desprndese que o “plan de organización ten 4 apartados e deberá ser presentado nun único arquivo dixital para cada un dos apartados que compoñen o plan e polo tanto cada arquivo dixital terá un límite máximo de 60 follas por unha cara e un peso máximo de 10 MB.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polo licitador CLECE SA, e contidas neste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1197).- CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR VARIOS INTERESADOS AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PPT).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante JGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, o gasto, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 21 de outubro de 2016 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, o 26 de de outubro de 2016.
- Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 8 de novembro de 2016.
- Boletín Oficial do Estado, o 14 de novembro de 2016.

Abríndose o prazo de presentación de ofertas tras a publicación no DOUE, que finalizará o día 2 de decembro deste ano.

Terceiro.- En data 2 de novembro de 2016, D^a. Julia Reboreda Barcia, en nome e representación do Comité de empresa da mercantil MANTELNOR, na súa calidade de presidenta do mesmo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos.

Cuarto.- En data 4 de novembro de 2016, D^a. Maria del Tránsito Fernández Fernández, na súa calidade de Secretaria Comarcal da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas

particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico ao citado no antecedente terceiro.

Quinto.- En data 8 de novembro de 2016, D. Francisco Javier Estévez Rodríguez, na súa calidade de secretario xeral de Construción e Servizos de CCOO de Vigo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico aos citados nos antecedentes terceiro e cuarto.

Sexto.- En data 11 de novembro de 2016, D. Jesús Fernández Rodríguez, na súa calidade de responsable do sector de Limpeza e Servizos de UGT na comarca de Vigo, presenta escrito de alegacións ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, e solicita a modificación dos mesmos. Escrito de contido idéntico aos citados nos antecedentes terceiro, cuarto e quinto.

Sétimo.- En data 16 de novembro de 2016, D^a. Mirian Viñas Cochón, na súa calidade de secretaria provincial do sector de Administración Local e servizos da FeSP-UGT en Pontevedra, presenta alegacións aos pregos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Contido das alegacións obxecto do presente informe

a) Alegacións formuladas polas Sras. Reboreda e Fernández, e polos Sres. Estévez e Fernández

Tal e como se manifestou, as alegacións formuladas polas Sras. Reboreda e Fernández, e polos Sres. Estévez e Fernández, son de contido idéntico. Estas son as seguintes:

- 1) Que non consta nos pregos cal é o convenio colectivo de aplicación, sendo leste o Convenio Colectivo para o persoal de limpeza dos colexios e escolas públicas municipais do Concello de Vigo, publicado no BOP de 5 de agosto de 2014.
- 2) Que o convenio de aplicación foi denunciado ante a Consellería de Traballo e a empresa que presta o servizo.
- 3) Que a representación legal comunicou á empresa a intención de negociar o convenio colectivo e solicitar diferentes incrementos no salario así como melloras no aspecto social.
- 4) Que os traballadores da concesión demandaron no xulgado do Social á anterior empresa, á actual, ao Concello de Vigo, ao administrador concursal e ao FOGASA por débedas. E teñen intención de demandar á nova empresa adxudicataria da licitación.

- 5) Que a cláusula 26.4 do PCAP contradí o convenio en vigor en canto a substitucións e aumentos de xornada.

Os motivos polos que solicitan a modificación dos pregos podemos sintetizalos nos seguintes:

- A falta de información no prego do convenio colectivo de aplicación (alegación 1).
- A existencia no prego dunha cláusula, a 26.4, contraria ao convenio colectivo (alegación 5).

O resto dos motivos de impugnación dos pregos (2, 3 e 4) límitanse a ofrecer información, polo que non resulta necesario contestar aos mesmos.

Nos fundamentos xurídicos II e III referirémonos por separado aos motivos 1 e 5.

b) Alegacións formuladas pola Sra. Viñas

A Sra. Viñas formula tres alegacións:

- 1) A falta de incorporación ao PPT da táboa salarial actual.
- 2) A necesidade de engadir ao PPT os vestiarios dos traballadores.
- 3) Considera que dado o número de prazas a regular no presente prego, deberían ampliarse para xerar emprego estable.

A primeira das alegacións está comprendida na alegación primeira formulada nos escritos citados no apartado a, polo que se contestará no fundamento xurídico segundo.

A segunda alegación contestarase no fundamento xurídico cuarto.

A terceira alegación se limita a formular unha recomendación, polo que non procede respotala.

-II-

Da falta de información no PCAP do convenio colectivo de aplicación (alegación 1)

No presente contrato existe a obrigaón do empresario que resulte adxudicatario do contrato, determinada no convenio colectivo de aplicación, de subrogar aos traballadores que prestan actualmente o servizo. Nestes casos, o artigo 120 do TRLCSP impón ao poder adxudicador unha obrigaón de información, co obxecto de que os futuros licitadores poidan coñecer os custos laborais do persoal a subrogar. Dispón este artigo que: *“Naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obrigaón de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida”*. E en cumprimento desta obrigaón, incluíuse no anexo IV do PPT esta información, consignando con relación a cada

traballador o tipo de contrato, a categoría profesional, a antigüidade, as horas de traballo semanal e mensual e o plus consolidado.

A subrogación prodúcese ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), limítase a recoller o deber a Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no Anexo IV do PPT, deber que conxuga coa prohibición establecida no artigo 301.4 do TRLCSP, de que as Administracións consoliden postos de traballos de persoal que preste os seus servizos en empresas coas que contrataran servizos á finalización destes contratos. Efectivamente, o citado artigo establece que “Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante”.

Como estableceu o TACRC na súa Resolución 20/2015 axuizando a falta de mención do convenio colectivo de aplicación nos pregos (precisamente por parte desta Administración noutra licitación): *“A información facilitada no Anexo III do PCAP dos traballadores a subrogar é a data de antigüidade do traballador, o tipo de contrato e a categoría. Con esta información, estima o Tribunal que é suficiente para que o potencial licitador coñeza sen máis, o custo laboral dos traballadores. Determinar o Convenio Colectivo na cidade de Vigo aplicable é unha cuestión allea á información que debe facilitar o PCAP, e estar ao alcance das empresas participantes no procedemento de licitación por dedicarse elas á actividade material obxecto de licitación”.*

A Administración, a xuízo da informante, anexou ao PPT a relación de traballadores facilitada pola empresa, cos datos incluídos na mesma. Con estes datos calquera licitador pode calcular os custos laborais dos traballadores que teñan dereito a subrogación, polo que se cumpre coa obrigaición de información imposta polo artigo 120 TRLCSP. E o convenio colectivo de aplicación pódese consultar por calquera licitador, pois foi depositado e rexistrado no Rexistro de Convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

-III-

Da existencia de contradición entre a cláusula 26.4 do PCAP e o convenio colectivo de aplicación (alegación 5)

Manifesta a recorrente que a cláusula 26.4 do PCAP é contraria ao convenio colectivo de aplicación, aínda que non determina as razóns polas que, na súa opinión, existe tal contradición.

Comezaremos por transcribir a cláusula 26.4 do PCAP:

“Poderase establecer como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego. A empresa adxudicataria ten o deber de incorporar para a

execución da prestación obxecto do contrato, polo menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que se vaian a destinar á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato estea prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultase adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir, si na FEC non se establece previsión ao respecto, a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algún ou algúns dos lotes. Subsidiariamente a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Empleo, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Sen prexuízo da a súa eventual concreción ou determinación específica na FEC, consideraranse con especial dificultade para acceder ao emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario das mesmas acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado que deberá expedir o organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante polo menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas polo menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non coticen o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- f) Os mozos de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ao seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente do servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa adjudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas na presente condición de execución.

Si existise o deber de subrogar ao persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en todas as novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan até alcanzar devandita porcentaxe.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adjudicataria deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición”.

Aínda que a recorrente non cita o artigo do Convenio que entende vulnerado, pola referencia que fai ás substitucións e aumentos de xornada, a informante interpreta que debe ser o artigo 5 “Xornada Laboral”, que no seu parágrafo 3º dispón que:

“Cando se amplíe a xornada dun centro de traballo, ou se xubile calquera traballador, terán preferencia para o incremento da xornada laboral, os traballadores/as que presten servizo en devandito centro, a condición de que non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan; si nese centro xa tivesen xornada completa, daríasele o incremento ao persoal que estivese noutros colexios públicos do Concello, que non tivesen xornada completa, sempre que non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan. A empresa tamén ofertará aumentos de xornada noutros centros de traballo onde estea presente a empresa”.

Como se pode observar, non hai ningún tipo de contradición entre a condición especial de execución e o precepto transcrito do convenio colectivo. Pois a cláusula 26, como vimos, establece que non será de aplicación “Si existise o deber de subrogar ao persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada”, nese caso establece que só será de aplicación para as novas contratacións que, no seu caso, realice a empresa ou en caso de baixas e substitucións do persoal.

En calquera caso, tratándose dun dereito dos traballadores do persoal imposto por un convenio colectivo, leste será de aplicación preferente. Pois non esquezamos que o PCAP regula o contrato entre a Administración e o contratista, sendo alleas ao contrato as relacións laborais deste último cos seus traballadores. E a condición especial de execución só será de aplicación cando non entre en conflito cos dereitos do persoal. Pois, tal e como establece o artigo 3 do TRET, ao regular as fontes da relación laboral, para regular os dereitos dos traballadores concernentes á relación laboral aplicaranse as disposicións legais e regulamentarias do Estado, os convenios colectivos, o contrato de traballo e os usos e costumes locais e profesionais.

- IV-

Da falta de mención dos vestiarios do persoal no PPT

Esta cuestión é allea ao PPT, pois este se limita a regular a forma de realizar as prestacións obxecto do contrato.

A necesidade de dotar os traballadores de vestiarios é unha obriga do empregador, imposta polo Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e regulada no seu Anexo V. Así mesmo, esta recollida no artigo 14 do convenio colectivo aplicable ao persoal que presta este servizo.

O Concello limítase nestas cuestións relativas a organización do contratista a establecer na cláusula 27.4 do PCAP que “ O adxudicatario queda obrigado, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento”.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar as alegacións formuladas por: D^a. Julia Reboreda Barcia, D^a. Maria del Tránsito Fernández Fernández, D. Francisco Javier Estévez Rodríguez, D. Jesús Fernández Rodríguez e D^a. Mirian Viñas Cochón, en datas 2, 4, 8, 11 e 16 de novembro de 2016 respectivamente, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos I, II, III e IV”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1198).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/16, asinado pola xefado servizo de Contratación e polo Concelleiro-delegado de dito servizo, que dí como se transcribe a continuación:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aprueba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Constitución española, de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, de 21 de outubro de 2016 (PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais, o gasto, os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 21 de outubro de 2016 se anuncia a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, o 26 de outubro de 2016.

- Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 8 de novembro de 2016.
- Boletín Oficial do Estado, o 14 de novembro de 2016.

Abríndose o prazo de presentación de ofertas tra-la publicación no DOUE, que finalizará o día 2 de decembro deste ano.

Terceiro.- En data 17 de novembro de 2016, D^a. Julia Reboreda Barcia, no seu propio nome, e en nome e representación do Comité de empresa da mercantil MANTELNOR, na súa calidade de presidenta do mesmo, interpon recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

E obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais.

-II-

Lexislación aplicable

E preciso comenzar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do TACRC para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Este precepto na actualidade, finalizado o prazo de transposición da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, hai que interpretalo tendo en conta que a mesma goza de efecto directo dende o 18 de abril de 2016 . Estes contratos son :

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación harmonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei, o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 209.000 euros .
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1, 43 e 47 do TRLCSP (...)”, convenio que foi obxecto de prórroga e está vixente na actualidade.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ó Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñocer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, en caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos adxudicadores.

Así, a impugnación dos pregos que rexen a presente contratación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se vi-ron prexudicados ou podan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam.

No caso que nos ocupa o recurrente non é un licitador, senon unha traballadora que actúa, tanto a título individual, como en nome e representación do comité de empresa da mercantil que está prestando o servizo na actualidade. E se ben se recoñece a posibilidade de ser titular de intereses lexítimos colectivos ás asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais (artigo 4.2 da LPAP), como é un comité de empresa, iso só nos termos que determine a lei.

Para resolver esta cuestión é preciso acudir ó Real Decreto 814/2015, que regula no artigo 24 os casos especiais de lexitimación. Determina oel artigo 24.1 que os recursos poderán ser interpostos polas asociacións representativas de intereses relacionados co obxecto do contrato que se impugna exclusivamente cando o sexan para a defensa dos intereses colectivos dos seus asociados. Nesta liña establece a resolución 89/2010 do TACRC que "(...) a función xenérica de representación e defensa dos intereses dos traballadores que corresponde ós sindicatos, non acada a transformalos en guardiáns abstractos da legalidade, polo que, en cada caso no que o sindicato exercite accións, se esixe un vínculo ou conexión entre o propio Sindicato e a pretensión exercitada. E ese vínculo non pode ser outro que un interese en sentido propio, específico e cualificado. Neste sentido e segundo reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo plasmada en sentencias tales como a STSS de 19 de novembro de 1993 e 27 de xaneiro de 1998 entre outras, se o dereito subxectivo é sempre recoñecible, o interese lexítimo equivale á titularidade dunha posición de ventaxa ou dunha utilidade xurídica por parte de quen exercita a pretensión e que se materializaría, de prosperar ésta, na obtención dun beneficio de índole material ou xurídico ou na evitación dun prexuízo, con tal de que a obtención do beneficio ou evitación do prexuízo sexa certa e non meramente hipotética". Nesta liña, a Resolución 172/2012 do TACRC sintetiza os requisitos que fixa a doutrina do Tribunal Constitucional para recoñecer lexitimidade ós sindicatos para defender intereses colectivos dos seus representados, doutrina aplicable no caso que nos ocupa

1º.- Interese lexítimo, entendido como ventaxa ou utilidade que obtería o recurrente en caso de prospera-la pretensión exercitada.

2º.- Un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada, que se traduce nun interese profesional ou económico.

O TACRC considera excepcional a lexitimación de sindicatos ou asociacións empresariais e como regula xeral, negouse dita lexitimación cando os intereses afectados corresponden á esfera das relacións laborais entre a nova empresa contratista e os seus traballadores, que nes poden facer valer os seus dereitos perante a Xurisdicción Social (por todas Resolucións 144/2013 e 707/2014).

No presente caso, a recurrente manifesta interpoñe-lo recurso en nome do comité de empresa, pero non acompaña o seu poder de representación para actuar en nome do mesmo. Se ben, a falta de acreditación da representación sería un defecto subsanable. E dado que tamen interpon o recurso en nome propio na súa calidade de traballadora, habería que recoñecerlle lexitimación neste concepto.

Non obstante, sei, tal e como se manifestou, a regula xeral é non admitir lexitimación para ventilar cuestións laborais, non se pode perder de vista que as razóns alegadas para a impugnación dos pregos son todas de índole laboral.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). No caso que nos ocupa, o recurrente non presenta o citado escrito no Rexistro Xeral desta Administración. Non obstante, o artigo 17 do Real Decreto 814/2015, establece que a presentación do escrito de interposición perante o órgano de contratación producirá, ademais, os efectos do anuncio de recurso. Nesta liña, a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, establece que non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta perante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que “o anuncio de interposición está establecido polo lexislador coa finalidade de que o órgano de contratación saiba que contra a súa resolución, sexa cal fora ésta, váise a interpoñe-lo pertinente recurso. Por tanto, a omisión do requisito nos casos en que a interposición do recurso se verifique directamente perante o órgano de contratación, como é o caso do expediente en cuestión, non pode considerarse como un vicio que obste á válida prosecución do procedemento e o dictado dunha resolución contra o fondo do recurso”.

Pois ben, no caso que nos ocupa a recurrente non presentou o recurso perante esta Administración, senon no Rexistro Xeral do TACRC. Consta no xustificante electrónico do Rexistro, no apartado de observacións, que estas mesmas alegacións se presentaron perante a Mesa de Contratación do Concello de Vigo. Se ben este dato é certo, e tales alegacións serán obxecto de cumprida resposta, iso non é óbice para o cumprimento da obriga legal de anunciar o recurso a esta Administración. Da presentación das mesmas esta Administración non deduce a intención de interpoñer recurso especial. Podemos concluir do exposto que, tendo en conta que non se presentou anuncio do recurso e que éste non se presentou perante esta Administración, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso se fará constar o acto recurrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de

que pretenda valerse o recurrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por térsela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaiga ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que foi publicado.
- O documento ou documentos nos que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o Tribunal, agás a acreditación da representación do comparecente, tal e como xa se puxo de manifesto.

En consecuencia, en opinión da informante, non procedería admiti-lo recurso por incumprimento dos citados requisitos formais esixidos pola lei.

D) Por último, respecto ós requisitos temporales, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP). No caso de que o recurso se interpoña contra os pregos, o Real Decreto 814/2015, establece que o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte á data da súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 19.2 en relación co apartado 1 do mesmo do Real Decreto 814/2015). Dado que o anuncio de licitación no DOUE foi publicado o día 26 de outubro de 2016, o escrito de recurso presentado en data 17 de novembro no Rexistro do TACRC foi interposto en prazo..

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso non reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que procede solicitar do Tribunal a súa inadmisión polas razóns expostas neste fundamento xurídico cuarto.

Non obstante, por si o Tribunal considerase oportuno admiti-lo recurso, nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo das cuestións plantexadas pola recurrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recurrida

As alegacións formuladas pola Sra. Reboreda, no seu nome e en representación do comité de empresa de MANTELNOR, para fundamenta-la impugnación do PCAP son as seguintes:

- 1) Que non consta nos pregos cal é o convenio colectivo de aplicación, sendo éste o Convenio Colectivo para o persoal de limpeza dos colexios e escolas públicas municipais do Concello de Vigo, publicado no BOP de 5 de agosto de 2014.
- 2) Que o convenio de aplicación foi denunciado perante a Consellería de Traballo e a empresa que presta o servizo.

- 3) Que a representación legal comunicou á empresa a intención de negocia-lo convenio colectivo e solicitar diferentes incrementos no salario así como melloras no aspecto social.
- 4) Que os traballadores da concesión demandaron no xulgado do Social á anterior empresa, á actual, ó Concello de Vigo, ó administrador concursal y ó FOGASA por débedas. E teñen intención de demandar á nova empresa adxudicataria da licitación.
- 5) Que a cláusula 26.4 do PCAP contradi o convenio en vigor en canto a substitucións e aumentos de xornada.

Os motivos de impugnación podemos sintetizalos nos seguintes:

- A falta de información no prego do convenio colectivo de aplicación (alegación 1).
- A existencia no prego dunha cláusula, a 26.4, contraria ó convenio colectivo (alegación 5).

O resto dos motivos de impugnación do escrito de recurso (2, 3 e 4) se limitan a ofrecer información, por lo que non resulta necesario formular alegacións ós mesmos.

Nos fundamentos xurídicos seguintes nos referiremos por separado ós motivos 1 e 5.

-VI-

Da falta de información no PCAP do convenio colectivo de aplicación (alegación 1)

No presente contrato existe a obrigaçión do empresario que resulte adxudicatario do contrato, determinada no convenio colectivo de aplicación, de subrogar ós traballadores que prestan actualmente o servizo. Nestes casos, o artigo 120 do TRLCSP impon ó poder adxudicador unha obrigaçión de información, co obxecto de que os futuros licitadores podan coñecer os custes laborais da plantilla a subrogar. Dispon este artigo que: "*Naqueles contratos que impoñan ó adxudicatario a obrigaçión de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar ós licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación que resulte necesaria para permiti-la avaliación dos custes laborais que implicará tal medida*". E en cumprimento desta obriga, incluíuse no anexo IV do PPT esta información, consignando con relación a cada traballador o tipo de contrato, a categoría profesional, a antigüidade, as horas de traballo semanal e mensual e o plus consolidado.

A subrogación se produce ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable ós traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), se limita a recolle-lo da Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no Anexo IV do PPT, deber que conxuga coa prohibición establecida no artigo 301.4 do TRLCSP, de que as Administracións consoliden postos de tra-

ballos de persoal que preste os seus servizos en empresas coas que contrataron servizos á finalización destes contratos. Efectivamente, o citado artigo establece que “A extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante”.

Como estableceu o TACRC na súa Resolución 20/2015 enxuciando a falta de mención do convenio colectivo de aplicación nos pregos (precisamente por parte desta Administración noutra licitación): “A *información facilitada no Anexo III do PCAP dos traballadores a subrogar é a data de antigüidade do traballador, o tipo de contrato e a categoría. Con esta información, estima o Tribunal que é suficiente para que o potencial licitador coñeza sen máis, o custe laboral dos traballadores. Determina-lo Convenio Colectivo na cidade de Vigo aplicable é unha cuestión allea á información que debe facilita-lo PCAP, e estar ó alcance das empresas participantes no procedemento de licitación por adicarse elas á actividade material obxecto de licitación*”.

A Administración, a xuízo da informante, anexou ó PPT a relación de traballadores facilitada pola empresa, cos datos incluídos na mesma. Con estes datos calquera licitador pode calcular os custes laborais dos traballadores que teñan dereito a subrogación, polo que se cumpre coa obriga de información imposta polo artigo 120 TRLCSP. E o convenio colectivo de aplicación se pode consultar por calquera licitador, pois foi depositado e rexistrado no Rexistro de Convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Podemos concluir, en opinión da que suscribe, que procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación primeira do escrito de recurso.

-VII-

Da existencia de contradicción entre a cláusula 26.4 do PCAP e o convenio colectivo de aplicación (alegación 5)

Manifesta a recurrente que a cláusula 26.4 do PCAP é contraria ó convenio colectivo de aplicación, se ben non determina as razóns polas que, na súa opinión, existe tal contradicción.

Comezaremos por transcribi-la cláusula 26.4 do PCAP:

“Poderase establecer como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego. A empresa adxudicataria ten o deber de incorporar para a execución da prestación obxecto do contrato, alomenos un 20 por cento de persoas nas que concurran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción se computará en relación co número total de horas que se vaian a destinar á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato esté prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultara adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir, se na FEC non se establece previsión ó respecto, a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algun ou algúns dos lotes. Subsidiariamente a empresa adxudicataria poderá acreditar-lo seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación con unha Em-

presa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ó presuposto de adxudicación do contrato.

Sen prexuízo da súa eventual concreción ou determinación específica na FEC, se considerarán con especial dificultade para acceder ó emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario das mesmas se acreditará por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ó 33%. Se acreditará con certificado que deberá expedilo organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante polo menos 12 meses e de forma continuada. Se acreditará con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas polo menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non tiveran cotizado o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Se acreditará con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ó emprego. Se acreditará con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- f) Os xóvenes de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Se acreditará con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ó seu cargo sen actividade retribuída. Se acreditará co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente do servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Se acreditará co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa adxudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia da alta na Seguridade Social no prazo de un mes dende que se realicen as contratacións do persoal establecidas na presente condición de execución.

Se existira o deber de subrogar ó persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impidiran cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en tódalas novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan ata acadar dita porcentaxe.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adxudicataria deberá presenta-los TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poda comproba-lo efectivo cumprimento desta condición”.

Se ben a recurrente non cita o artigo do Convenio que entende vulnerado, pola referencia que fai ás substitucións e aumentos de xornada, a informante interpreta que debe se-lo artigo 5 “Xornada Laboral”, que no seu parágrafo 3º dispón que:

“Cando se amplíe a xornada dun centro de traballo, ou se xubile calquera traballador, terán preferencia para o incremento da xornada laboral, os traballadores/as que presten servizo en dito centro, sempre e cando non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan; se nese centro xa tivesen xornada completa, se lle daría o incremento ó persoal que estivese noutros colexios públicos do Concello, que non tivesen xornada completa, sempre que non existan razóns produtivas ou organizativas que o impidan. A empresa tamen ofertará aumentos de xornada noutros centros de traballo onde estea presente a empresa”.

Como se pode observar, non hai ningún tipo de contradición entre a condición especial de execución e o precepto transcrito do convenio colectivo. Pois a cláusula 26, como vimos, establece que non será de aplicación “Se existira o deber de subrogar ó persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impidiran cumprir coa porcentaxe sinalada”, en tal caso establece que só será de aplicación para as novas contratacións que, no seu caso, realice a empresa ou en caso de baixas e substitucións do persoal.

En calquera caso, tratándose dun dereito dos traballadores da plantilla imposto por un convenio colectivo, este será de aplicación preferente. Pois non olvidemos que o PCAP regula o contrato entre a Administración e o contratista, sendo alleas ó contrato as relacións laborais deste último cos seus traballadores. E a condición especial de execución só será de aplicación cando non entre en conflito cos dereitos da plantilla. Pois, tal e como establece o artigo 3 do TRET, ó regular as fontes da relación laboral, para regula-los dereitos dos traballadores concernintes á relación laboral se aplicarán as disposicións legais e regulamentarias do Estado, os convenios colectivos, o contrato de traballo e os usos e costumes locais e profesionais.

A vista do exposto, procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación quinta do escrito de recurso.

-VIII-

Acordo

En mérito ó exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- *Aproba-lo presente informe.*

2º.- *Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais*” .

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1199).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMA A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO. EXPTE. 112/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/11/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 21 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, das seguintes empresas:

1. SERVITRONIX C. TORRES MORENO, SL: porque o obxecto deste contrato non está comprendido dentro do obxecto social da empresa, que segundo a súa declaración consiste en “reparación de aparatos de electromedicina, balanzas electrónicas y cajas registradoras”.
2. OSATU, S. COOP.: por exceder o prezo formulado na súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13.4c do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611) na seguinte orde descendente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>CARYOSA, SL</i>	<i>100,00</i>
<i>BIOMETRIC & SAFETI IBERICA, SL</i>	<i>77,74</i>
<i>ANEK S3, SL</i>	<i>66,62</i>

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARYOSA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 861,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL, o día 25 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 7 novembro de 2016 nas oficinas de Correos (registro de entrada o 10 de novembro), dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, requirit a CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL para que no prazo de tres días hábiles emendase a referida documentación.

Durante o prazo concedido, o 16 de novembro de 2016, CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL presenta a documentación requirida na oficina de Correos (registro de entrada o día 18).

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 13 de outubro de 2016, asinado polo xefe da Área de Investimentos.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.880,00 euros.*
- *O prazo de garantía é de 8 anos.*
- *Comprométese a que todos os equipos a subministrar cumpren coas normas nacionais e europeas de aplicación.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1200).- PROPOSTA EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN E DE SUSPENSIÓN DO PROCEDUREMTO ABERTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15119/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Proxecto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña, aprobado o 20 de maio de 2016.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña, de 15 de xullo de 2016 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña, de 15 de xullo de 2016 (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o "Proxecto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña".

Segundo.- En data 15 de xullo de 2016, a XGL aprobou o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña, no que se inclúen os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato, o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación do mesmo.

Terceiro.- En data 28 de outubro de 2016, a XGL aprobou a clasificación de ofertas en orden descendente do citado procedemento e acordou requirirlle determinada documentación ao primeiro clasificado, MONDO IBERICA, S.A.

Cuarto.- En data 8 de novembro de 2016, D. Manuel Rodríguez Hermida, en nome e representación da mercantil MECANO SPORT, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, manifestando que tras serlle notificado o acordo de clasificación de ofertas, e considerando o mesmo contrario aos intereses da súa representada, solicita:

- A xustificación presentada por MONDO IBERICA, S.A., para xustificar os valores anormais da súa oferta e o informe relativa á mesma.
- Que se requira a citada mercantil para que achegue mostras do produto a instalar, para comprobar que o mesmo cumpre cos requirimentos técnicos previstos no PPT.
- A suspensión deste procedemento, en tanto en canto non se atendan os requirimentos solicitados no seu escrito.

Quinto.- En data 23 de novembro de 2016, o xefe da área de Investimentos emite informe sobre a presente solicitude.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

-/-

Da solicitude do informe de xustificación dos valores anormais da oferta de MONDO IBERICA, S.A.

É preciso comezar facendo unhas consideracións sobre os principios xerais da contratación pública. Estes principios son decisivos na interpretación e aplicación da normativa contractual, tanto nacional como comunitaria. Son o fundamento de toda esta normativa e caracterízanse pola súa transversalidade, rexen en todas as fases da contratación.

Si ata fai relativamente poucos anos o principio fundamental da contratación pública na lexislación española era a protección do interese público cuxa xestión estaba encomendada á Administración, o que xustificaba que esta ostentase no seo do contrato determinadas prerrogativas; a primacía do dereito comunitario veu a cambiar estas formulacións. Supuxo que a nosa lexislación acolla como alicerce da contratación o principio de igualdade e non discriminación dos licitadores, fundamental para garantir o establecemento dun mercado interior na UE e que a competencia non resulte falseada. Neste sentido, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales ten dito que "o interese xeral ou o interese público foi durante décadas o principal elemento conformador dos principios que inspiraban a lexislación da contratación pública española. Con todo, a influencia do dereito da Unión Europea produciu un cambio radical nesta circunstancia, pasando a situar como centro en torno ao cal gravitan os principios que inspiran dita lexislación, os de libre concorrencia, non discriminación e transparencia" (resolución 121/2012, do TACRC).

De entre os principios xerais da contratación pública, sobresaen o de igualdade de trato aos licitadores e prohibición de toda discriminación. En conexión con el aplícanse os de publicidade, transparencia e concorrencia.

No dereito español foron incorporados pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, no seu artigo 1. Na actualidade están recollidos no artigo 1 do TRLCSP.

O principio de transparencia garante unha publicidade adecuada que permita, tanto promover a concorrència, como controlar a imparcialidade dos procedementos de adxudicación. Ten por obxecto limitar o risco de arbitrariedade por parte da entidade adxudicadora. Neste senso, é corolario do principio de igualdade. Establece ao respecto o artigo 139 do TRLCSP "Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia". Neste sentido establece o TJUE que "os principios de igualdade de trato e de non discriminación por razón da nacionalidade implican en particular unha obrigaçión de transparencia, que permite que a autoridade pública concedente se asegure de que tales principios son respectados" (Sentenza do TJUE, de 15 de outubro de 2009, "Acoset").

En aplicación deste principio, a lei recolle ao longo do seu articulado diversas obrigas de información aos licitadores:

- Información aos licitadores relativa aos pregos e documentación complementaria (artigo 158 do TRLCSP).
- Publicidade das licitacións (artigos 141 e 142 do TRLCSP).
- Publicidade da adxudicación (artigo 151.4 do TRLCSP).
- Publicidade da formalización (artigo 154 do TRLCSP) .

Son tamén de aplicación no ámbito do procedemento de licitación dun contrato as normas do procedemento administrativo común. E entre os dereitos do interesado no procedemento administrativo, o artigo 53.1.a da LPAP recolle, entre outros o de acceder e a obter copia dos documentos contidos nos procedementos nos que teñan a condición de interesados.

En consecuencia, en aplicación, tanto do principio de transparencia, como dos dereitos dos interesados nos procedementos administrativos, o licitador, MECANO SPORT, S.L., na súa condición de interesado, poderá consultar o expediente e obter as copias que precise, tal e como solicita, coa salvedade de que trátase de documentos declarados confidenciais polos licitadores (cláusula 18 do PCAP).

-II-

Da solicitude de requirimento ao primeiro clasificado de mostras do produto a instalar

O procedemento que nos ocupa é un procedemento aberto de obras que ten por obxecto as obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña. Solicita o licitador que se requira ao primeiro clasificado neste procedemento a presentación de mostras do céspede a instalar para comprobar que o mesmo cumpre cos requirimentos técnicos previstos no PPT.

Con carácter previo a contestación a solicitude formulada polo licitador é preciso aclarar en primeiro lugar algúns conceptos relativos os pregos que rexen a contratación.

O expediente de contratación, por imperativo legal, deberá conter os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato (artigo 109 TRLCSP). Respecto do seu contido, a lei establece que:

- Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluíranse os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes do contrato e as demais menciones requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento (artigo 115.2 TRLCSP).
- No de prescricións técnicas, as que rexerán a realización da prestación e definan as súas calidades, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente Lei (artigo 116.1 TRLCSP).

Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos (artigo 115.3 TRLCSP).

O PCAP constitúe a “lex contractus” con forza vinculante entre as partes e só limitado pola observancia das normas de dereito necesario, de modo que unha vez aprobados e non habendo sido impugnado o seu contido no momento oportuno, os pregos non poderán ser modificados, salvo que existan vicios de nulidade de pleno dereito.

Pois ben, o PCAP que rexe a presente licitación non esixe aos licitadores a presentación de mostras.

A presentación a un procedemento presupón a “aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha” (artigo 145.1 TRLCSP).

Á vista dos preceptos citados podemos inferir que o licitador primeiro clasificado neste procedemento cumpre cos requirimentos do PPT con respecto ao céspede a instalar. De non ser así, incorrería nun incumprimento contractual. E para o caso de incumprimentos contractuais, tanto a lei como o PCAP permiten a imposición de penalidades para lograr o cumprimento (artigo 212 TRLCSP e cláusulas 35 a 37 do PCAP), como, para os supostos máis graves a resolución do contrato (artigos 223 e seguintes do TRLCSP e cláusula 40 do PCAP).

Neste momento procedimental, a Administración non ten motivos para dubidar de que o contratista cumprira o contrato, polo que non procede solicitarlle a presentación de mostras.

-III-

Da suspensión do procedemento de contratación

MECANO SPORT solicita a suspensión do procedemento de contratación en tanto o primeiro clasificado non acredita que está en condicións de instalar un céspede artificial que reúna os requisitos técnicos esixidos no PPT.

No entanto, a nosa lexislación non prevé máis causas de suspensión do procedemento de contratación que a interposición dun recurso especial contra a adxudicación dun contrato (artigo 45 TRLCSP). En consecuencia, non procede acceder ao solicitado.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade

de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Comunicar a MECANO SPORT, S.L., que ten acceso ao expediente de contratación para a súa consulta, na oficina do servizo de Contratación, sita no segundo andar da Casa do Concello sito na Praza do Rei, s.n., en horario de 9 a 13.30. Así mesmo, poderá solicitar copias dos documentos obrantes no mesmo previo pago das correspondentes taxas, excepto que trátase de documentos declarados confidenciais polos licitadores (cláusula 18 do PCAP).

2º.- Denegar a solicitude de requirimento de mostras do produto a instalar a MONDO IBERICA, S.A., polos motivos expostos no fundamento xurídico II deste informe.

3º.- Denegar a solicitude de suspensión deste procedemento, polos motivos expostos no fundamento xurídico III deste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1201).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15119/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 23/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 17/11/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña, de 15 de xullo de 2016 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña, e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 28 de outubro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:

1. NAROM, SL
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. ELSAMEX, SA
4. LIMONTA SPORT IBERICA, SL
5. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
6. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
7. PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
8. CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
9. OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL
10. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
11. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL

Segundo.- Excluir á empresa REALTURF SYSTEMS, SL por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, de acordo co informe do xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, e non ter presentado documentación ningunha para a súa xustificación no prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	MONDO IBERICA, S A	80,00
2	MECANO SPORT, S L	77,02
3	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L	57,53
4	NATURF DEVELOP, SL	57,27
5	SPORT EQUIPALIA, S L	31,78

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*
5. *Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 808,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 4 de novembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, S.A., que presenta a documentación requirida en data 14 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 17 de novembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBERICA, S.A., tal e como desprendese do informe de valoración das ofertas do xefe de Investimentos, de data 19 de outubro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONDO IBERICA, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña(15119-333) por un prezo de 168.649,80 €(IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 156 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1202).- PROPOSTA EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN E DE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA MINA. EXPTE. 15121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSF.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSF.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Proxecto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña, aprobado o 20 de maio de 2016.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Monte da Mina, de 15 de xullo de 2016 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Monte da Mina, de 15 de xullo de 2016 (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o “Proxecto das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Monte da Mina”.

Segundo.- En data 15 de xullo de 2016, a XGL aprobou o expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Monte da Mina, no que se inclúen os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato, o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación do mesmo.

Terceiro.- En data 7 de outubro de 2016, a XGL aprobou a clasificación de ofertas en orden descendente do citado procedemento e acordou requirirlle determinada documentación ao primeiro clasificado, MONDO IBERICA, S.A., que foi obxecto dunha rectificación de erros en data 11 de outubro do mesmo ano.

Cuarto.- En data 18 de novembro de 2016, a XGL aprobou a adxudicación deste procedemento a MONDO IBERICA, S.A, acordo que foille notificado aos licitadores en data 21 de novembro de 2016.

Quinto.- En data 22 de novembro de 2016, D. Manuel Rodríguez Hermida, en nome e representación da mercantil MECANO SPORT, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, manifestando que tras serlle notificado o acordo de clasificación de ofertas, e considerando o mesmo contrario aos intereses da súa representada, solicita:

- *A xustificación presentada por MONDO IBERICA, S.A., para xustificar os valores anormais da súa oferta e o informe relativa á mesma.*
- *Que se requira a citada mercantil para que achegue mostras do produto a instalar, para comprobar que o mesmo cumpre cos requirimentos técnicos previstos no PPT.*
- *A suspensión deste procedemento, en tanto en canto non se atendan os requirimentos solicitados no seu escrito.*

Quinto.- En data 23 de novembro de 2016, o xefe da área de Investimentos emite informe sobre a presente solicitude.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

-/-

Dos principios de publicidade e transparencia que rexen os procedementos de contratación Os principios xerais da contratación pública son decisivos na interpretación e aplicación da normativa contractual, tanto nacional como comunitaria. Son o fundamento de toda esta normativa e caracterízanse pola súa transversalidade, rexen en todas as fases da contratación.

Si ata fai relativamente poucos anos o principio fundamental da contratación pública na lexislación española era a protección do interese público cuxa xestión estaba encomendada

á Administración, o que xustificaba que esta ostentase no seo do contrato determinadas prerrogativas; a primacía do dereito comunitario veu a cambiar estas formulacións. Supuxo que a nosa lexislación acolla como alicerce da contratación o principio de igualdade e non discriminación dos licitadores, fundamental para garantir o establecemento dun mercado interior na UE e que a competencia non resulte falseada. Neste sentido, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales ten dito que “o interese xeral ou o interese público foi durante décadas o principal elemento conformador dos principios que inspiraban a lexislación da contratación pública española. Con todo, a influencia do dereito da Unión Europea produciu un cambio radical nesta circunstancia, pasando a situar como centro en torno ao cal gravitan os principios que inspiran dita lexislación, os de libre concurrencia, non discriminación e transparencia” (resolución 121/2012, do TACRC).

De entre os principios xerais da contratación pública, sobresaie o de igualdade de trato aos licitadores e prohibición de toda discriminación. En conexión con el aplícanse os de publicidade, transparencia e concurrencia.

No dereito español foron incorporados pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, no seu artigo 1. Na actualidade están recollidos no artigo 1 do TRLCSP.

O principio de transparencia garante unha publicidade adecuada que permita, tanto promover a concurrencia, como controlar a imparcialidade dos procedementos de adxudicación. Ten por obxecto limitar o risco de arbitrariedade por parte da entidade adxudicadora. Neste senso, é corolario do principio de igualdade. Establece ao respecto o artigo 139 do TRLCSP “Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia”. Neste sentido establece o TJUE que “os principios de igualdade de trato e de non discriminación por razón da nacionalidade implican en particular unha obrigaón de transparencia, que permite que a autoridade pública concedente se asegure de que tales principios son respectados” (Sentenza do TJUE, de 15 de outubro de 2009, “Acoset”).

En aplicación deste principio, a lei recolle ao longo do seu articulado diversas obrigas de información aos licitadores:

- Información aos licitadores relativa aos pregos e documentación complementaria (artigo 158 do TRLCSP).
- Publicidade das licitacións (artigos 141 e 142 do TRLCSP).
- Publicidade da adxudicación (artigo 151.4 do TRLCSP).
- Publicidade da formalización (artigo 154 do TRLCSP) .

Son tamén de aplicación no ámbito do procedemento de licitación dun contrato as normas do procedemento administrativo común. E entre os dereitos do interesado no procedemento administrativo, o artigo 53.1.a da LPAP recolle, entre outros o de acceder e a obter copia dos documentos contidos nos procedementos nos que teñan a condición de interesados. En consecuencia, o licitador, MECANO SPORT, S.L., na súa condición de interesado, poderá consultar o expediente e obter as copias que precise, tal e como solicita, coa salvedade de que tratase de documentos declarados confidenciais polos licitadores (cláusula 18 do PCAP).

Da solicitude de requirimento ao primeiro clasificado de mostras do produto a instalar

O procedemento que nos ocupa é un procedemento aberto de obras que ten por obxecto as obras de renovación do céspede artificial no Campo de fútbol de Comesaña. Solicita o licitador que se requira ao primeiro clasificado neste procedemento a presentación de mostras do céspede a instalar para comprobar que o mesmo cumpre cos requirimentos técnicos previstos no PPT.

Con carácter previo a contestación a solicitude formulada polo licitador é preciso aclarar en primeiro lugar algúns conceptos relativos os pregos que rexen a contratación.

O expediente de contratación, por imperativo legal, deberá conter os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato (artigo 109 TRLCSP). Respecto do seu contido, a lei establece que:

- Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluíranse os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes do contrato e as demais menciones requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento (artigo 115.2 TRLCSP).*
- No de prescricións técnicas, as que rexerán a realización da prestación e definan as súas calidades, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente Lei (artigo 116.1 TRLCSP).*

Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos (artigo 115.3 TRLCSP).

O PCAP constitúe a “lex contractus” con forza vinculante entre as partes e só limitado pola observancia das normas de dereito necesario, de modo que unha vez aprobados e non habendo sido impugnado o seu contido no momento oportuno, os pregos non poderán ser modificados, salvo que existan vicios de nulidade de pleno dereito.

Pois ben, o PCAP que rexe a presente licitación non esixe aos licitadores a presentación de mostras.

A presentación a un procedemento presupón a “aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha” (artigo 145.1 TRLCSP).

Á vista dos preceptos citados podemos inferir que o licitador primeiro clasificado neste procedemento cumpre cos requirimentos do PPT con respecto ao céspede a instalar. De non ser así, incorrería nun incumprimento contractual. E para o caso de incumprimentos contractuais, tanto a lei como o PCAP permiten a imposición de penalidades para lograr o cumprimento (artigo 212 TRLCSP e cláusulas 35 a 37 do PCAP), como, para os supostos máis graves a resolución do contrato (artigos 223 e seguintes do TRLCSP e cláusula 40 do PCAP).

Neste momento procedimental, a Administración non ten motivos para dudar de que o contratista cumprira o contrato, polo que non procede solicitarlle a presentación de mostras.

-III-

Da suspensión do procedemento de contratación

MECANO SPORT solicita a suspensión do procedemento de contratación en tanto o primeiro clasificado non acredita que está en condicións de instalar un céspede artificial que reúna os requisitos técnicos esixidos no PPT.

No entanto, a nosa lexislación non prevé máis causas de suspensión do procedemento de contratación que a interposición dun recurso especial contra a adxudicación dun contrato (artigo 45 TRLCSP). En consecuencia, non procede acceder ao solicitado.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Comunicar a MECANO SPORT, S.L., que ten acceso ao expediente de contratación para a súa consulta, na oficina do servizo de Contratación, sita no segundo andar da Casa do Concello sito na Praza do Rei, s.n., en horario de 9 a 13.30. Así mesmo, poderá solicitar copias dos documentos obrantes no mesmo previo pago das correspondentes taxas, excepto que trátase de documentos declarados confidenciais polos licitadores (cláusula 18 do PCAP).

2º.- Denegar a solicitude de requirimento de mostras do produto a instalar a MONDO IBERICA, S.A., polos motivos expostos no fundamento xurídico II deste informe.

3º.- Denegar a solicitude de suspensión deste procedemento, polos motivos expostos no fundamento xurídico II deste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1203).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CATRO CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2017. EXPTE. 6632/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/11/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado, dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 21 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación dos Servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335) na seguinte orde descendente:

Licitador		Puntuación
1º	BIGLAB, SLU	82,57 puntos
2º	CA TOTALITY GROUP, SLU	77,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIGLAB, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIGLAB, SLU, o día 22 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 24 novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BIGLAB, SLU de acordo cos informes de valoración das propostas técnicas e económicas asinados polo técnico de Xestión e a xefa do Servizo de Festas o 9 e 16 de novembro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BIGLAB, SLU o procedemento negociado para a contratación dos Servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335) por un prezo total de 50.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.820,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1204).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CORBAL. FASE I”. EXPTE. 3328/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/11/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 08.07.2016, acordou «*Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto “Humanización Rúa Doutor Corbal. Fase I”*».

II.- A Mesa de Contratación, con data 28/10/2016, entre outros acordos, adoitou o de propoñer ao órgano de contratación: «*Adxudicar a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización Rúa Doutor Corbal. Fase I” (3892-440)*»

III.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, daquela, subordinado á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras, conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, a dita cláusula do PCAP especifica as funcións da dirección facultativa e dispón que esta será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección da obra de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 28/10/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización Rúa Doutor Corbal" (3892-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "*Humanización Rúa Doutor Corbal. Fase I*" (3892-440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de "*Humanización Rúa Doutor Corbal. Fase I*" (3892-440) e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1205).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. DE GALICIA ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA. DA MARINA ESPAÑOLA”. EXPTE. 4184/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 11 de novembro de 2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de Renovación da rede de saneamento na Avda. De Galicia entre a Rúa Doutor Corbal e a Avda da Marina Española.

II.- En data 14 de novembro de 2016 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. DE GALICIA ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA DA MARINA ESPAÑOLA.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. DE GALICIA ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA DA MARINA ESPAÑOLA.

2º.- Desginar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA. DE GALICIA ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA DA MARINA ESPAÑOLA.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1206).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE A DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE”- ANO 2016. EXPTE. 6445/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/11/16, e o informe de fiscalización do 24/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 23/11/16, asinado pola técnica de Turismo, a concelleira delegada da Área de Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 15 de novembro de 2016, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para a realización das actuacións de promoción durante o ano 2016 conducentes á difusión das actuacións de promoción da candidatura “As Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, por importe de 200.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do Servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A Fundación VCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades ...

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias...

A Fundación VCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB continúe coas actuacións de difusión e promoción conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2016.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Si ben esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da Fundación Vigo Convention Bureau de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo, polo devandito.

PROPONSE

1º.- Que se aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN CO VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE AS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES Á PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2016

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión

das

Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA CANDIDATURA "ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DURANTE O ANO 2016

REUNIDOS

Dunha parte D^a Ana Laura Iglesias González en calidade de Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo.

Doutra parte D^a Belen Vallina González, en calidade de Directora Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF: G-27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría- local 2.

MANIFESTAN

I.- A Fundación Vigo Convention Bureau (en diante Fundación VCB) é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

O fin da Fundación VCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e provedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuír a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A Fundación VCB, ademais dos estatutos, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte igualmente no apartado referido á misión da fundación “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

II.- O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora de dos bens turísticos de Vigo.

IV.-O Concello de Vigo está interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.

A UNESCO, organización das Nacións Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do

planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade" e o "destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, O Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que o recurso proposto teña un "sobresaínte valor universal". Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo.

–Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética.

–Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.

–Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" suporía para o turismo de Vigo e para a Fundación VCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros)

VII.- O Concello de Vigo desenvolveu nos últimos anos, o Plan de competitividade do produto turístico "Turismo Urbano e de Ría" (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, e aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O Plan de competitividade do produto turístico de Vigo "Turismo Urbano e de Ría" desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentados e con

grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", así como aquelas de promoción da mesma.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Fundación VCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración, durante o ano 2016.

PACTOS

Primeiro.- O obxecto do presente convenio consiste en dar continuidade as accións de promoción e difusión da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2016, recollidos no Anexo I.

A Fundación VCB, comprométese a colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2016, conforme co programa recollido no Anexo I.

A Fundación VCB comprométese a:

- 1.-Levar a cabo as accións de continuidade para a difusión da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade".*
- 2.-Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.*
- 3.-Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programa.*
- 4.-Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.*
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.*
- 6.-Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.*
- 7.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.*

8.-Comunicar á Concelleira-Delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

Segundo.- O Concello de Vigo comprométese a:

Conceder directamente á Fundación VCB a achega, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2016, co importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación VCB deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en dous pagos:

-O primeiro pago será de 100.000,00€ (cen mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.

-O segundo pago prevé un anticipo do 50% do importe restante, 50.000,00€, que se fará efectivo no mes de decembro do 2016, con cargo á partida "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" presuposto do ano 2016.

A Fundación VCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións as que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da entidade bancaria ABANCA, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 200.000,00€ (dous centos mil euros)

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación VCB non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a Fundación para a realización da actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación VCB debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A Fundación VCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a subvención. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2016 obxecto do primeiro pago, esta memoria de actuación debe presentarse na primeira semana do mes de decembro do 2016.

Unha segunda memoria parcial de actuación, xustificativa do segundo pago anticipado, deberá entregarse na segunda semana do mes de decembro do 2016.

As memorias deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2016,

obxecto do primeiro pago, deberá presentarse na primeira semana do mes de decembro do 2016.

Unha segunda memoria parcial económica, xustificativa do segundo pago anticipado, deberá entregarse no mes de xaneiro do 2017.

Ambas memorias incorporarán:

-Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

-A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

-Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

-As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a Fundación VCB solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- Xunto coa derradeira memoria económica, á Fundación VCB terá que presentar, un informe final no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada, se atopen recollidas na memoria (Anexo I do convenio) e se realicen dentro do ano 2016.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas

circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Non se esixirá garantía en base o artigo 42.2.a) do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Turismo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias xustificativas as que se refire o pacto noveno deste convenio.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2016 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A Concelleira-Delegada de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

Vixésimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A Fundación VCB está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A Fundación VCB poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.